

# Sala de Sinaturas Guía rápida

Elaborado por: Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) Versión 01.00

Doc SFVIRT\_GU\_GuiaRapida\_v01.00 · Data (11.03.2025)



# Índice

Introdución	3
Funcionalidades	6
Notificacións de sinaturas	20
Preguntas frecuentes	22



Introdución

Presentación do sistema Requisitos de hardware e software

Funcionalidades

Notificacións de sinaturas

**Preguntas frecuentes** 



A Sala de Sinaturas é a ferramenta corporativa que a Xunta de Galicia pon a disposición de terceiros (administracións, cidadanía, empresas, ou outro tipo de organismos) para a revisión e sinatura electrónica de documentos.

Neste ámbito de sinatura requírese que interveña por unha parte a Xunta de Galicia como organismo emisor de documentos, e por outro lado un terceiro ou grupo de terceiros.

Como exemplo deste tipo de documentos pode considerarse a sinatura de convenios entre a Administración Autonómica de Galicia e outras administracións, concellos, deputacións, etc.

A Sala de Sinaturas permite levar a cabo as seguintes accións:

- > Consulta de solicitudes de sinatura recibidas pendentes de revisión
- > Consulta de solicitudes de sinatura xa asinadas pola persoa usuaria
- > Consulta de solicitudes de sinatura rexeitadas pola persoa usuaria
- Revisión dos documentos a asinar que contén cada solicitude pendente, para iso permítese a descarga ou a visualización dos documentos a través dun visor incluído na ferramenta
- Sinatura de todos os documentos que contén unha ou varias solicitudes
- Rexeitamento de todos os documentos que contén unha ou varias solicitudes
- > Descarga dos documentos asinados correspondentes a unha solicitude asinada por todas as persoas asinantes



Para a correcta utilización da Sala de Sinaturas son necesarios os seguintes elementos software:

- > Navegador web con conexión a internet activa. As versións corporativas son:
  - ✓ Google Chrome
  - ✓ Microsoft Edge
  - ✓ Mozilla Firefox
- > Ter instalada a ferramenta Autofirma nunha versión 1.8.2 ou posterior
  - Pode descarga a versión de Autofirma correspondente ao seu sistema operativo e o manual de instalación na seguinte <u>ligazón</u>
- Ferramenta para ollado de documentos PDF (opcional)





# Introdución

Funcionalidades Pantalla de benvida e acceso Documentos pendentes Documentos asinados Documentos rexeitados Notificacións de sinaturas Preguntas frecuentes



O acceso de terceiros (administracións, cidadanía, empresas, ou outro tipo de organismos) á ferramenta de Sala de Sinaturas realízase mediante certificado dixital 1

- Antes do primeiro acceso, a persoa usuária deberá ter recibido previamente por correo electrónico unha notificación de sinatura na conta declarada á Xunta de Galicia.
- Deberá dispoñer dun certificado dixital no que figure o seu DNI. O devandito certificado pode estar instalado no almacén de certificados do navegador web do equipo dende o que se intenta acceder, ou ben lerse a partir dun dispositivo externo se se encontra nunha tarxeta criptográfica (caso do DNIe por exemplo).

XUNTA     SALA DE       DE GALICIA     SINATURAS	c	alego / Castelán	
	Image: Second state of the second s	2	Pode consultar os certificados admitidos na ligazón sinalada
Benvida/o a Sala de Sinaturas! Nesta web poderá ver e xestionar todas as solicitudes de sinatura ao seu nome. Para acceder, debe dispoñer dun certificado dixital e ter instalada a aplicación de Autofirma para garantir o proceso de sinatura. Se non a ten, pode descargala aquí. Se desexa realizar a sinatura desde un dispositivo móbil, debe dispoñer dun usuario de Xunta autorizado para iso e acceder co seu usuario e contrasinal.	+ <u>Consulte todos os certificados admitidos para o acceso e sinatura</u> Entrar Entrar Entrar con Conta de Usuario/a	3	Pode descargar a versión correspondente de Autofirma para o seu sistema operativo e consultar o manual de
Necesila axuda?	Introduza o contrasinal Entrar		instalación a través da ligazón sinalada
Service precade polo Asercia para a M DE GALICIA Service precade polo Asercia para a M	odernización Tecnolobia de Calidia Balande ( Anno Legal		



As persoas cun emprego público que teñan conta no directorio activo da Xunta de Galicia poden aceder coa súa conta de usuario e contrasinal 1 para empregar a funcionalidade de **sinatura con certificado na nube**. Para isto é preciso que a persoa estea previamente dada de alta no sistema e teña instalado o seu certificado na nube.

No caso de acceso dende dispositivo móbil ou tablet, este é o único sistema de acceso dispoñible.





Ademáis do acceso, na pantalla de benvida existen as seguintes opcións:

- **1** Cambio de idioma. A Sala de Sinaturas está dispoñible en galego e castelán.
- 2 Acceso ás canles de axuda e soporte.
- **3** Acceso ás pantallas de **Atención cidadá**, **Accesibilidade** e **Aviso Legal**.

XUNTA SALA DE SINATURAS	Galego / Castelán
Benvida/o a Sala de Sinaturas! Nesta web poderá ver e xestionar todas as solicitudes de sinatura ao seu nome. Para acceder, debe dispoñer dun certificado dixital e ter instalada a aplicación de Autofirma para garantir o proceso de sinatura. Se non a ten, pode descargala <u>aquí</u> . Se desexa realizar a sinatura desde un dispositivo móbil, debe dispoñer dun usuario de Xunta autorizado para iso e acceder co seu usuario e contrasinal.	Elize a túa forma de acceder:   Entra con Certificado Dixital Curticuos mais comunis entrato con certificados admitidos para o acceso e sinatura Entrar Consulte todos os certificados admitidos para o acceso e sinatura Entrar Consulte todos os certificados admitidos para o acceso e sinatura Entrar Consulte todos os certificados admitidos para o acceso e sinatura Entrar Consulte todos os certificados admitidos para o acceso e sinatura Entrar Entrar Entrar Entrar Entrar Entrar
Necesita axuda?      Necesita axuda?      Service protate job Americi por a Medicina	zelfo Treosfera de Calica 14 Mai Legal



FUNCIONALIDADES Pantalla de benvida e acceso

Unha vez que a persoa está correctamente autenticada, accédese á bandexa de **documentos pendentes de asinar 1**. Premendo nas diferentes pestanas pode navegar entre os documentos pendentes **1**, asinados **2** ou rexeitados **3**.





FUNCIONALIDADES Documentos pendentes

Os documentos PDF poden ser previsualizados premendo no nome do documento 1 no detalle da solicitude 2. Pode descargarse un documento en concreto documento dende o visor de PDF ou na icona de descarga individual 3.





Para asinar a documentación é preciso selecionar unha ou varias solicitudes 1 e premer no botón de Asinar 2.





Tras premer no botón de asinar ábrese unha xanela de confirmación co resumo das solicitudes selecionadas 1.





Unha vez confirmada a operación de sinatura ábrese o menu de selección de certificados de Autofirma 1. Cando remata o proceso de sinatura aparece unha xanela emerxente indicando o resultado da operación 2





Se a documentación dunha solicitude non é correcta, pode rexeitarse seleccionando unha ou varias solicitudes pendentes de sinatura e premendo no botón de Rexeitar 1.





Tras premer no botón de rexeitar ábrese unha xanela de confirmación. Débese indicar o motivo de rexeitamento das solicitudes no cadro de texto 1.





Cando finaliza o proceso de rexeitamento aparece unha xanela emerxente indicando o resultado da operación 1.



SFVIRT\_GU\_GuiaRapida\_v01.00



Na pestana de **documentos asinados** pódense consultar as solicitudes con documentos xa asinados e **visualizalos** (no caso de documentos PDF) así como realizar a súa **descarga**.





Na pestana de documentos rexeitados pódese visualizar a hora e motivo do rexeitamento 1. Os documentos rexeitados non están dispoñibles para a súa descarga.





Introdución Funcionalidades Notificacións de sinaturas Preguntas frecuentes



Cando se pon a disposición de terceiros (administracións, cidadanía, empresas, ou outro tipo de organismos) unha nova solicitude de sinatura, envíase un aviso por correo eletrónico que a persona solicitante introduciu na solicitude.

O asunto deste correo electrónico é o seguinte:

Sala de Sinaturas (Xunta de Galicia): Ten documentos pendentes de asinar

Na seguinte imaxe móstrase um exemplo do corpo do correo electrónico enviado.





#### Notificación de proceso

Informámoslle de que ten documentos pendentes de asinar na Sala de Sinaturas.

- Descrición solicitude: Solicitude de proba
- Documentos:
  - anexo\_01.pdf
  - anexo\_03.pdf
  - anexo\_02.pdf

Pode consultar estes e outros documentos na seguinte dirección: https://saladesinaturas.xunta.es.

Este correo foi xerado automáticamente o día 27/10/2023 ás 14:08

#### Notificación de proceso

Le informamos de que tiene documentos pendientes de firmar en la **Sala** de **Sinaturas**.

- Descripción solicitud: Solicitude de proba
- Documentos:
  - anexo\_01.pdf
  - anexo\_03.pdf
  - anexo\_02.pdf

Puede consultar estos y otros documentos en la siguiente dirección: https://saladesinaturas.xunta.es.

Este correo fue generado automáticamente el día 27/10/2023 a las 14:08



Introdución Funcionalidades Notificacións de sinaturas Preguntas frecuentes



- Ao entrar na Sala de Sinaturas e pulsar no botón de acceso non se presenta a listaxe de certificados instalados Este problema pode deberse a que non ten instalado ou accesible ningún certificado válido. Comprobe se ten o certificado instalado ou ben que a tarxeta estea correctamente inserida no lector.
- > ¿Podo acceder á Sala de Sinaturas cun certificado e asinar con outro diferente?

Si, sempre e cando ambos certificados correspondan á mesma persoa e polo tanto aparezan vinculados ao mesmo NIF.

> Non me chega ningunha solicitude de sinatura e teño constancia de que fun requirido para unha sinatura

Revísese a corrección do dato da conta de correo electrónico que se notificou á Xunta de Galicia. No caso de non ter seguridade en ter indicado correctamente o dato, poñerse en contacto co CAU. En caso contrario pode revisar todas as bandexas de entrada do correo, especialmente a de spam. Tamén pode acceder directamente á Sala de Sinaturas e comprobar se ten solicitudes pendentes.

#### ¿Existe un prazo para asinar o rexeitar unha solicitude?

A Sala de Sinaturas non manexa prazos, o prazo de sinatura virá marcado polas necesidades e urxencia que teña a persoa ou organismo solicitante.

#### ¿Que fago se os datos do meu nome, cargo, ou organismo non son correctos?

Pode contactar co CAU para que informe á persoa ou organismo responsable de xerar esa solicitude.



# ¿Que fago se o proceso de sinatura devolve un erro?

Repetir o proceso asegurándose de que o certificado está correctamente instalado. En caso de ter comprobada a configuración e persistir o problema poñerse en contacto co CAU.

# ¿Que fago se falla a validación do certificado utilizado para acceder á Sala de Sinaturas?

Agarde uns minutos e repita o proceso. De persistir o problema póñase en contacto co CAU.

### ¿Podo asinar cun certificado non válido?

Non, xa que a sinatura resultante non sería válida.

# ¿Teñen validez os documentos correspondentes a solicitudes non rematadas?

Non, posto que se trata de documentos nos que aínda non asinaron todas as persoas comparecentes ou ben foron rexeitados por algunha delas.

# ¿Como podo comprobar a validez dos documentos asinados?

Para comprobar a validez das sinaturas dun documento, pódese acceder á ferramenta VALIDe do Goberno de España: <u>https://valide.redsara.es/valide/</u>

